Por Óscar Insua Lema

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 17:10:12
Nº Rexistro: 48587
Data envio: 29/01/2026 17:10:12.339

Outro exemplo, son as convocatorias da Xunta de Galiza que utilizan o réxime de concesión de axudas non competitivo, en base ao establecido no artigo 19.2, procedemento cualificado como excepcional na propia lei. Sen embargo, pódese comprobar que esta metodoloxía utilizada non é excepcional, senón a máis común para moitas das axudas, tanto a entidades locais, como aos galegos e galegas cando se outorgan bonos de distinta índole, sabendo que este criterio é discriminatorio e excluínte sobre certos sectores da poboación que non manexan os medios dixitais coma outros, ao ser este o único medio para solicitalos.

E hai moitos máis exemplos, como a necesidade de simplificar ou reducir os controis dos procedementos das subvencións, cando xa son supervisadas por funcionarios habilitados para esas funcións, como ocorre no caso dos interventores nos concellos, que informan ao respecto das mesmas. Por estas e outras razóns, é necesario iniciar a revisión da lei de subvencións de Galiza e introducir as modificacións oportunas para mellorar os procedementos que regula e incrementar a satisfacción das persoas implicadas neles co funcionamento da administración.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta o Goberno galego a actualizar e presentar un novo anteproxecto de lei galega de subvencións, contando coa participación das distintas entidades sociais e do resto de administracións públicas que existen no noso país, nomeadamente cos concellos”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 17:10:12
Nº Rexistro: 48587
Data envio: 29/01/2026 17:10:12.339

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 29/01/2026 17:08:17
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/01/2026 17:08:27
Noa Presas Bergantiños na data 29/01/2026 17:08:32
Ana Pontón Mondelo na data 29/01/2026 17:08:39

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 17:10:12
Nº Rexistro: 48587
Data envio: 29/01/2026 17:10:12.339

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 17:10:15

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 17:51:07
Nº Rexistro: 48600
Data envio: 29/01/2026 17:51:07.486

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre as obras realizadas na EEI Crespo Rivas e o non funcionamento da calefacción.

Asinado o día 29/01/2026 ás 17:50
Por Cristina Fernández Davila

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 27 de xaneiro a ANPA da EEI Crespo Rivas denunciou publicamente que o centro seguía sen calefacción despois de que pasasen 95 días desde a inauguración das obras de ampliación da escola.

Nesa altura permitiuse por parte da Xunta a posta en funcionamento dunha nova zona-ampliación do centro con 200 nenas e nenos e o profesorado correspondente “sen contar coas garantías legais necesarias” e sen que estivese asinado o certificado de fin de obra.

A pesar da apertura e funcionamento do centro, ao longo de tres meses, o departamento de Industria da Xunta aínda non fixo o informe favorábel por deficiencias graves na instalacións, que son responsabilidade da empresa construtora.

Ao longo deste tempo a Xunta non deu información directa e previa sobre a situación, e tampouco respondeu aos escritos presentados pola ANPA. Só actuou e deu información como resposta ás denuncias públicas que fixo tanto a comunidade escolar como a CIG Ensino.

Asinado o día 29/01/2026 ás 17:49
Por Luis Bará Torres

Con todo isto, ao longo destes de inverno habilitouse unha solución provisional con calefactores eléctricos que ademais de non quentar axeitadamente o edificio (dábanse clases a 14 graos de temperatura) deu lugar a reiterados cortes do subministro.

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 17:51:07
Nº Rexistro: 48600
Data envio: 29/01/2026 17:51:07.486

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación pon de relevo a falta de planificación, de previsión, de información e de control das obras por parte da Consellaría de Educación, o que debe dar lugar ás conseguintes responsabilidades e explicacións públicas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta a:

1. Presentar un informe sobre as incidencias que tiveron lugar nas obras e na posta en funcionamento da ampliación da EEI Crespo Rivas (Pontevedra).

2. Actuar con transparencia neste tipo de situacións e dar resposta aos escritos presentados pola comunidade educativa.

3. Pedir desculpas públicas á comunidade escolar da EEI Crespo Rivas polos fallos e erros que levaron a que alumnado e profesorado tivesen que desenvolver as clases nunha situación que incumpre a normativa vixente.

4. Tomar as decisións necesarias para que este tipo de feitos non se volvan repetir no futuro."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 17:51:07
Nº Rexistro: 48600
Data envio: 29/01/2026 17:51:07.486

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 29/01/2026 17:49:19

Cristina Fernández Davila na data 29/01/2026 17:50:09

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 17:51:07
Nº Rexistro: 48600
Data envio: 29/01/2026 17:51:07.486

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 17:51:08

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 09:33:10
Nº Rexistro: 48620
Data envio: 30/01/2026 09:33:10.476

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por Iago Suárez Fernández
Asinado o día 30/01/2026 ás 09:28
Por Iria Carreira Pazos
Por Ariadna Fernández González
Asinado o día 30/01/2026 ás 09:28
Por María Montserrat Prado Cores
Asinado o día 30/01/2026 ás 09:28
Por Saleta Chao Rivas

Á Mesa do Parlamento

Saleta Chao Rivas, **Montserrat Prado Cores**, **Iria Carreira Pazos**, **Ariadna Fernández González**, **Olalla Rodil Fernández** e **Iago Suárez Fernández**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa á atención pediátrica no centro de saúde de Conxo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola situación na que se atopa a atención sanitaria no centro de saúde de Conxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública galega vive unha situación crítica froito de anos de recortes do Partido Popular.

O 28 de xaneiro coñecimos a través da denuncia pública feita pola Asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS a falta de persoal no servizo de pediatría do centro de saúde de Conxo.

A atención presencial neste centro de saúde no servizo de pediatría reduciuse a dous días á semana, martes e xoves, debido á falta de cobertura dunha baixa de longa duración. As demais consultas derívanse ao centro de saúde Concepción Arenal.

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
170798

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 09:33:10
Nº Rexistro: 48620
Data envio: 30/01/2026 09:33:10.476

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De acordo coa denuncia que rexistran, desde o 20 de xaneiro non hai pediatra no centro de saúde de Conxo, cos conseguintes atrasos e dificultades no acceso a este servizo ao ter que desprazarse ata o Concepción Arenal.

Por todo o exposto anteriormente, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

- Cal é a razón pola que se decidiu non cubrir a baixa e reducir a atención pediátrica a dous días á semana en Conxo e derivar a atención luns, mércores e venres ao centro de saúde Concepción Arenal?

- Ten previsto dotar o centro de saúde de Conxo de persoal suficiente para garantir a atención pediátrica diaria?

- Durante canto tempo van ter esa baixa sen cubrir?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 09:33:10
Nº Rexistro: 48620
Data envio: 30/01/2026 09:33:10.476

Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 30/01/2026 9:28:45
María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2026 9:28:51
Iria Carreira Pazos na data 30/01/2026 9:28:59
Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2026 9:29:08
Ariadna Fernández González na data 30/01/2026 9:29:17
Iago Suárez Fernández na data 30/01/2026 9:29:24

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 09:33:10
Nº Rexistro: 48620
Data envio: 30/01/2026 09:33:10.476

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 9:33:11

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:21:23
Nº Rexistro: 48886
Data envio: 02/02/2026 13:21:23.101

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por Carmela González Iglesias
Asinado o día 02/02/2
13:19
Por Ramón Fernánde
Por Luis Bará Torres
Asinado o día 02/02/2026 ás
13:19
Por Brais Ruanova Vilas-Boas
Asinado o día 02/02/2026 ás
13:18
Por José Manuel Golpe Acuña

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, **Brais Ruanova Vilas-Boas**, **Ramón Fernández Alfonzo**, **Oscar Insua Lema**, **Luis Bará Torres**, **Carmela González Iglesias** e **Saleta Chao Rivas,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, relativa ao proxecto de explotación mineira nomeado "Monte Neme".

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada situación xerada pola ruptura dunha balsa na canteira de seixo do Monte Neme o 31 de xaneiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 10 de febreiro de 2014 a rotura dunha balsa de lama dunha canteira de seixo no Monte Neme provocou unha avalancha de material que afectou ás localidades de Aviño en Malpica e Razo da Costa en Carballo.

A canteira, pertencente á empresa Leitosa, levaba tres anos abandonada e carecía das elementais medidas de seguridade. Non existía ningunha sinalización do perigo, e a balsa de lama presentaba desde hai tempo unha brecha e ameazaba con desbordar.

Esta situación foi xa denunciada polo Concello de Carballo en abril de 2013 e tamén por diversos colectivos e particulares. Ao abeiro destas denuncias a Dirección Xeral de Minas anunciou a elaboración dun Plan de Seguridade para dita explotación mineira.

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:21:23
Nº Rexistro: 48886
Data envio: 02/02/2026 13:21:23.101

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Ademais, o Grupo Parlamentar do BNG ten denunciado en diversas ocasións o perigo ambiental que representan as minas e canteiras abandonadas e o feito de que non se tivesen desenvolvido as medidas contempladas na Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minaría de Galiza, no que atinxe ao cumprimento das obrigas ambientais por parte das empresas e o exercicio por parte da Xunta de Galiza das súas facultades inspectoras e sancionadoras.

Novamente, o pasado sábado 31 de xaneiro repetíase un episodio semellante de rotura dunha das balsas afectando a montes e regatos do lugar de Aviñó, no concello de Malpica incluso provocando o corte da estrada que vai dende este lugar ata Razo, no veciño concello de Carballo.

O artigo 46 da lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia di:

1. Correspóndelle á Xunta de Galicia, a través da consellaría competente en materia de minas, realizar as comprobacións necesarias e pedir a documentación e a información necesaria para o seguimento e a vixilancia das declaracións ambientais, así como comprobar o cumprimento da normativa mineira aplicable ás actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei, de oficio ou por instancia de parte interesada, así como das condicións de seguridade de calquera outra actividade que utilice técnicas mineiras, sen prexuízo do establecido na normativa vixente en materia de riscos laborais.

Vemos así como a Xunta permitiu que acontecera o grave desastre ocorrido en Monte Neme en febreiro de 2014. Despois de varios meses de avisos, escritos e peticións ante a Consellaría de Industria finalmente unha das balsas que contiña as augas contaminadas pertencentes a esta antiga explotación mineira rompeu e verteu os seus residuos cara núcleos de poboación.

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:21:23
Nº Rexistro: 48886
Data envio: 02/02/2026 13:21:23.101

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Dous meses e medio despois daquel desastre confírmase que Augas de Galicia detectou “alarmantes niveis de aluminio” en zonas receptoras das augas vertidas indicando tamén a presenza de augas ácidas tóxicas derivadas da actividade mineira.

O desleixo e inacción da Xunta deu coma resultado que o desastre se repetise este mesmo ano, coincidindo coa execución do plan de restauración ambiental. Execución que se demorou trece anos.

Nunha primeira análise do desastre recente parece evidenciarse un alto grao de improvisación; así o indica o descoñecemento, ou o menoscabo a respecto dunha galería existente dos tempos nos que funcionou a explotación mineira e que todo indica que foi o seu colapso o que deu lugar a este novo episodio de contaminación masiva.

No lugar da antiga mina de Monte Neme, quedan aínda dúas balsas cheas de auga, dun cor azul turquesa, que en tempos foi reclamo de instagramers e que se demostrou a súa toxicidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

1. Cal é a valoración dos danos producidos pola rotura dunha das balsas de monte Neme a madrugada do pasado 31 de xaneiro?

2. Existen análises recentes das augas desta balsa, e das dúas restantes?

3. Había Plan de seguridade para as instalacións mineiras e balsas de Monte Neme?

4. Cal foi a causa de que se tardase doce anos en executar o plan de restauración ambiental?

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:21:23
Nº Rexistro: 48886
Data envio: 02/02/2026 13:21:23.101

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

5. Que traballos se estaban desenrolando no momento da rotura da balsa?

6. Afrontou a empresa concesionaria da mina algunha das súas responsabilidades sobre este desastre, o anterior de 2014 e o plan de restauración ambiental?

7. Baralla a Xunta que se poida repetir un episodio semellante nalgunha das balsas que aínda están cheas?

8. Hai un plan de seguridade para actuar diante dun novo desastre?

9. Que cambios reais vai introducir a Xunta na política mineira para que casos como Monte Neme non se repitan?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:21:23
Nº Rexistro: 48886
Data envio: 02/02/2026 13:21:23.101

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 02/02/2026 13:18:54
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/02/2026 13:19:05
Ramón Fernández Alfonzo na data 02/02/2026 13:19:14
Óscar Insua Lema na data 02/02/2026 13:19:22
Luis Bará Torres na data 02/02/2026 13:19:29
Carmela González Iglesias na data 02/02/2026 13:19:38
Saleta Chao Rivas na data 02/02/2026 13:19:45

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:21:23
Nº Rexistro: 48886
Data envio: 02/02/2026 13:21:23.101

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 13:21:23

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47576
Data envio: 22/01/2026 18:33:04.253

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 22/01/2
18:32
Por Montserrat Valcá

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonzo e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a resolución de procedementos de selección e provisión de postos de traballo e a toma de posesión de destinos de persoal de corpos e escalas de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza.

Asinado o día 22/01/2026 ás
18:31
Por Ramón Fernández Alfonzo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei da Función Pública de Galiza, en consonancia coa normativa estatal -de carácter básico-, establece que o concurso é o sistema ordinario de provisión de postos de traballo na administración pública galega; podendo convocarse concursos específicos para a provisión de xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente, agás que polas súas características específicas na relación de postos de traballo prevese a súa cobertura polo sistema de libre designación.

Xa que logo é mediante concurso como as traballadoras da administración pública poden desenvolver a súa carreira profesional e acadar postos de traballo de maior nivel e/ou responsabilidade, asi como optar a destinos nas cidades e vilas que por cuestións persoais podan preferir.

Asinado o día 22/01/2026 ás
18:31
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

A realidade é que nas escalas de enxeñería, enxeñería técnica, arquitectura, arquitectura técnica e ciencias, que forman parte dos corpos e escalas da Administración especial, a Xunta de Galiza unicamente convocou en máis de 30 anos catro concursos ordinarios de traslados: no ano 1999, en 2004, resolto en outubro de 2005, en decembro de 2012, resolto en decembro de 2013, e en febreiro de 2024, resolto en xullo de 2025.

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47576
Data envio: 22/01/2026 18:33:04.253

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O exposto implica que unha traballadora que adquirise a condición de funcionaria p.e. como arquitecta técnica no proceso selectivo convocado no 2005 non tivo a oportunidade de participar en concurso algún ate entrado o ano 2024, isto é, case dúas décadas sen opción á carreira profesional ou ao reagrupamento familiar.

Isto evidencia a excepcionalidade da convocatoria dos sistemas ordinarios de provisión de postos de traballo. Camiño necesario para a promoción profesional e a mobilidade no destino e que garante que se cumpran os principios constitucionais e legais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade no acceso á función pública e aos postos de traballo da Administración vacantes ben por xubilación do persoal ou por seren de nova creación. É tamén a garantía de que a cidadanía galega poida contar cunha Administración profesional, independente e eficiente.

Non consta que a Xunta de Galiza nin nos escasos concursos convocados, nin nos procesos selectivos celebrados incluíse a totalidade das prazas vacantes, existindo un número relevante de postos de traballo que malia estar ocupados por interinas ou persoal con nomeamento provisorio – de calquera índole- non son ofertadas en procedementos de libre concorrencia, incrementando a discrecionalidade, ás veces arbitrariedade e, en todo caso, precariedade, na función pública galega.

Asemade, a Xunta de Galiza, dende hai anos, ven adxudicando ás persoas que superan os procesos selectivos correspondentes a escalas especiais como as indicadas supra, postos de traballo en situación de destino provisional.

En xuño de 2024 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ditou unha sentenza que declarou nulo que o destino adxudicado a unha funcionaria de novo ingreso tivera a condición de provisional, procedendo á adxudicación definitiva do mesmo posto que lle fora adxudicado de forma provisional. A Xunta non recorreu esta sentenza.

Malia ser coñecedora desta sentencia, en decembro de 2024 a Xunta de Galiza continuou adxudicando aos aspirantes que superaron os últimos procesos selectivos dos

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47576
Data envio: 22/01/2026 18:33:04.253

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

corpos e escalas de Administración especial postos en destino provisional. A inmensa maioría son os mesmos postos que foran ofertados no concurso de traslados convocado a principios de 2024 e que a día de hoxe xa están adxudicados aos funcionarios que obtiveron maior puntuación no concurso segundo o baremo legalmente establecido, que inclúe, entre outros a antigüidade. Non obstante, aínda que non se estableceu a data para a súa toma de posesión.

Esta situación esta a provocar unha tremenda incerteza e inseguridade xurídica, tanto nas traballadoras que superaron os procesos selectivos e están en destino provisional, como nas participantes no concurso de traslados. Asemade esta situación de falla de claridade deu lugar á interposición de numerosos procedementos contencioso-administrativos, nalgún dos que, solicitadas medidas cautelares, a Xunta de Galiza procedeu á retirada de varias prazas das ofertadas no concurso de traslados convocado, incrementándose a sensación de caos e mala xestión do persoal da administración pública de Galiza.

Asi pois a neglixencia da Xunta de Galiza na convocatoria e resolución regular de concursos de traslados que durante lustros impediu a promoción e mobilidade profesional de numerosas traballadoras da administración autonómica, e a posibilidade de aceso a postos de traballo de maior nivel, ben por ser de nova creación ou por ir quedando vacantes como consecuencia de xubilacións; a convocatoria e resolución de numerosos procesos selectivos sen concurso previo, e a adxudicación e toma de posesións como destinos provisionais de postos de traballo a persoal de recente ingreso está a provocar un extraordinario desconcerto nas traballadoras atinxidas, moitas das cales poden ver frustradas as súas lexítimas expectativas e non obter a praza solicitada e xa adxudicada no concurso malia reunir maiores méritos que a funcionaria que a ocupa de forma provisional e que a pode obter de forma definitiva por vía xudicial.

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47576
Data envio: 22/01/2026 18:33:04.253

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Cantos concurso de traslados se convocaron e resolveron no que vai de século nas escalas de escalas de enxeñeiros, enxeñeiros técnicos, arquitectos, arquitectos técnicos da Xunta de Galiza?

Cal é o motivo de que os seus concursos sexan menos frecuentes que os de outros corpos e escalas?

E concursos específicos?

Nos procedementos de selección e nos provisión de postos de traballo convocados ofertáronse a totalidade das prazas vacantes ou existiron prazas que non se incluíron na oferta malia estar cubertas por interinas?

En caso negativo, cal é a razón, e o posto concreto que malia estar vacante non foi obxecto de adxudicación?

Cantas comisións de servizos de corpos e escalas de Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galiza concedéronse nos últimos 15 anos? En que postos concretos?

Considera a Xunta que a ausencia de convocatorias regulares de concursos de traslados condiciona o exercicio do dereito á carreira profesional das traballadoras e as súas posibilidades de mobilidade laboral?

Na actualidade cantas prazas, e cal é a identificación de cada unha, das escalas de enxeñeiros, enxeñeiros técnicos, arquitectos, arquitectos técnicos e ciencias cubertas por persoal interino, en comisión de servizos ou con nomeamento provisional?

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47576
Data envio: 22/01/2026 18:33:04.253

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Considera a Xunta de Galiza que o persoal que tras superar un proceso selectivo está ocupando un posto en virtude de designación provisional ten dereito á permanencia definitiva no posto?

Cal e a razón de adiar a toma de posesión dos postos adxudicados no concurso resolto por Resolución de 9 de xullo de 2025?

Canto ten previsto a Xunta de Galiza de dar posesión as adxudicatarias do concurso?

Existe algunha sentencia de órgano contencioso-administrativo no que a Xunta de Galiza fose parte que declare tal circunstancia?

Actualmente se sigue algún procedemento xudicial por esta causa? No seu caso, cantos, e cantas son o número de prazas atinxidas?

En que medida afectaría ao concurso de traslados das escalas de enxeñeiros, enxeñeiros técnicos, arquitectos, arquitectos técnicos e ciencias un eventual recoñecemento do dereito a ocupar con carácter definitivo un posto de traballo adxudicado como destino provisional?

Podería supor que postos de traballo foran adxudicados a traballadoras con menos méritos que outras que optasen a ese posto?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47576
Data envio: 22/01/2026 18:33:04.253

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/01/2026 18:31:38
Ramón Fernández Alfonzo na data 22/01/2026 18:31:53
Montserrat Valcárcel Armesto na data 22/01/2026 18:32:00

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47576
Data envio: 22/01/2026 18:33:04.253

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 18:33:05

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47577
Data envio: 22/01/2026 18:36:38.498

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo e **Alexandra Fernández Gómez**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre o uso que debe dar a Xunta aos bens inmobles adquiridos por herdanzas ab intestato.

Asinado o día 22/01/2026 ás 18:36
Por Alexandra Fernández Gómez

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza é adquirente de todas aquelas herdanzas ab intestato que se producen no noso país pola aplicación da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito civil de Galiza, que no seu Artigo 267, da sucesión intestada, establece que *"De non existiren persoas que teñan dereito a herdar de acordo co establecido nesta lei e co disposto nas seccións 1.ª, 2.ª e 3.ª do capítulo IV do título III do Código civil, herdará a Comunidade Autónoma de Galiza*".

Por outra banda, a Lei de vivenda da Galiza fai referencia explícita a que o parque público de vivendas do Instituto Galego da Vivenda e Solo estará constituído polo conxunto das vivendas protexidas que o devandito organismo cualifique como vivendas de promoción pública, *"así como as que adquira por calquera título, e cuxa finalidade sexa atender as necesidades de vivenda das persoas que cumpran cos requisitos fixados regulamentariamente"*.

Asinado o día 22/01/2026 ás 18:36
Por Ramón Fernández Alfonzo

E continúa dicindo que *"cando se atopen integrados por edificios ou vivendas sometidos a algún réxime de protección pública, pasarán a formar parte do parque*

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47577
Data envio: 22/01/2026 18:36:38.498

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

público de vivendas do Instituto Galego da Vivenda e Solo e destinaranse aos usos que este determine”.

É dicir, a normativa actual xa prevé a posibilidade de que determinados edificios ou vivendas adquiridos pola vía da sucesión intestada pasen a engrosar o patrimonio do IGVS.

Na actualidade o destino da maioría dos bens inmobles adquiridos por esta vía é a súa liquidación a través de poxas realizadas pola Consellaría de Facenda por aplicación do establecido pola Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galiza, que establece que o *“principio xeral no tratamento do patrimonio hereditario adquirido por sucesión ab intestato ou intestada a súa realización e conversión en metálico”*.

O actual escenario de crise de prezos de vivenda, tanto para adquisición como para alugueiro, ten deixado en evidencia o tremendo déficit de vivenda pública do noso país, e ningunha das medidas anunciadas pola Xunta fan pensar que este problema non se vaia agravar no futuro.

No BNG entendemos que dotarse dun parque público de vivenda que atenda as necesidades básicas da poboación dun xeito inmediato é unha obriga que o goberno galego debería procurar atender por diferentes vías, e unha das máis doadas sería a de destinar para este fin todos os bens inmobles adquiridos por sucesión intestada e susceptíbeis de seren destinados á vivenda.

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47577
Data envio: 22/01/2026 18:36:38.498

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Cantos bens inmobles foron adquiridos pola Xunta de Galiza a través da vía da sucesión intestada desde o ano 2010 até o momento actual?

2. Cantos deses bens se manteñen a día de hoxe no Patrimonio da Xunta de Galiza e a que usos se destinan?

3. Cantos foron vendidos? A través de que mecanismos? A que prezos?

4. Cal foi o desconto estimado en cada unha das vendas respecto dos prezos de mercado vixentes en cada momento?

5. Que mecanismos ten previsto promover a Xunta de Galiza para atender o déficit de vivenda pública para alugueiro?

6. En que prazo considera a Xunta de Galiza que poderá dispoñer dun parque público de vivenda para alugueiro que resolva as necesidades da nosa poboación?

7. Considera a Xunta de Galiza que o Rexistro de demandantes de vivenda representa a realidade das necesidades do noso país?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47577
Data envio: 22/01/2026 18:36:38.498

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/01/2026 18:36:19

Alexandra Fernández Gómez na data 22/01/2026 18:36:26

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47577
Data envio: 22/01/2026 18:36:38.498

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 18:36:39

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47579
Data envio: 22/01/2026 18:41:02.130

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 22/01/2
18:38
Por Paula Mouzo Mas

Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Moisés Rodríguez Pérez, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

O Ministerio de Transición Ecolóxica (MITECO) decidiu en 2021 non informar favorablemente novas verteduras no punto E8 –exterior de Sálvora que se viña utilizando desde hai máis de dúas décadas para depósito dos áridos das dragaxes das rías Baixas- ata que se realice un estudo de alternativas que determine o punto máis axeitado para esta operación.

Isto deixou sen punto de vertido todas as dragaxes de Galicia ao sur da ría de Muros, polo que afecta a todas as actuacións previstas nas rías de Arousa, Pontevedra e Vigo, tanto promovidas por Portos de Galicia como polas Autoridades Portuarias de Vilagarcía, Marin-Pontevedra e Vigo. Entre as obras paralizadas destaca a dragaxe do Lérez, unha obra demandada historicamente polas confrarías da ría, o Club Naval, o Concello de Pontevedra e por acordo unánime do Parlamento de Galicia.

Desde o momento da paralización xurdida pola decisión do Ministerio a Xunta veu informando de todas as accións realizadas para desbloquear esta situación a través da comisión técnica na que participa a Xunta, Puertos del Estado e o CEDEX.

Finalmente, o pasado 11 de abril pasado coñecemos que Portos de Galicia remitira ao MITECO o informe do CEDEX, pese a ser este un organismo que depende do propio Ministerio, para non perder máis tempo e poñer canto antes o informe a disposición da Administración Xeral do Estado para que o MITECO exerza a súa competencia e autorice un punto de vertido para as dragaxes que permita á Xunta retomar a tramitación da dragaxe do Lérez.

Este informe técnico, asinado polo organismo de maior prestixio técnico en materia de dragaxes a nivel estatal e que depende da Administración Xeral do Estado, recolle textualmente que a zona E8, tras Sálvora, debe considerarse a “alternativa prioritaria” para as dragaxes das Rías Baixas. Polo tanto, os técnicos con maior coñecemento da materia validan o punto de vertido que se viña utilizando, que fora autorizado no seu día tamén polo Goberno central, e que de xeito unilateral o Ministerio de Transición Ecolóxica decidiu clausurar en 2021 sen aportar alternativa algunha que permitise continuar avanzando nas dragaxes proxectadas pola Xunta de Galicia.

Millares
Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 22/01/2026 ás 18:38
Por Patricia García González
Asinado o día 22/01/2026 ás 18:38
Por Miguel Fidalgo Iglesias

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47579
Data envio: 22/01/2026 18:41:02.130

PARLAMENTO DE GALICIA

Unha vez que o Ministerio conta co informe técnico que requiriu e dado precisamente o seu carácter técnico, entendemos que a autorización dos puntos de vertido que se sinalan en dito informe debería ser un trámite inmediato. Porén a día de hoxe non temos coñecemento de que se teña autorizado o punto de vertido para a dragaxe do Lérez e para todas as do sur da ría de Muros.

Ademais, asistimos con preocupación ás declaracións en prensa do Secretario de Estado de Medio Ambiente e número 2 do Ministerio de Transición Ecolóxica e outras fontes do mesmo departamento que contradín o informe dos técnicos do seu propio ministerio ao asegurar que non considera que o punto E8 sexa a zona axeitada para o depósito dos áridos e desliza a posibilidade de aludir agora a outros criterios diferentes aos técnicos para non autorizar o vertido nos puntos que establece o CEDEX.

Entendemos que esta situación avanza un escenario moi preocupante que podería poñer en risco a execución urxente desta obra que ten carácter absolutamente prioritario para o sector marítimo portuario da ría de Pontevedra (confrarías e club naval) e a propia cidadanía pontevedresa.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Ten recibido a Xunta de Galicia informe do Ministerio de Transición Ecolóxica que autorice o uso dun punto de vertido para os áridos das dragaxes logo de tres meses desde a remisión do informe do CEDEX que da resposta ao requirimento do Ministerio?

2. En que punto se atopa a tramitación da dragaxe do Lérez? Que trámites leva desenvolvido a Xunta? Cales son os trámites pendentes de cumprimentar e de que dependen?

3. Existe compromiso orzamentario da Xunta de Galicia para a execución da obra?

4. Como afectaría unha posible decisión do MITECO de non autorizar ningún dos puntos de dragaxes validados polos técnicos no informe do CEDEX?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47579
Data envio: 22/01/2026 18:41:02.130

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 22/01/2026 18:38:41
Patricia García González na data 22/01/2026 18:38:48
Paula Mouzo Mas na data 22/01/2026 18:38:55
Jesús María Fernández Rosende na data 22/01/2026 18:39:08
Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/01/2026 18:39:25
Maria Magdalena Perez Millares na data 22/01/2026 18:39:31
Moisés Rodríguez Pérez na data 22/01/2026 18:39:39
Raúl Santamaría González na data 22/01/2026 18:39:45
Manuel Santos Costa na data 22/01/2026 18:39:51

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47579
Data envio: 22/01/2026 18:41:02.130

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 18:41:03

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47580
Data envio: 22/01/2026 18:41:41.243

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 22/01/2
18:41
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e **Montserrat Prado Cores**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a constitución dos equipos de Valoración de vítimas de amianto por parte da Xunta de Galiza.

Asinado o día 22/01/2026 ás
18:41
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 21/2022 de creación dun Fondo de compensación para as vítimas do amianto delegou nun posterior regulamento a concreción e desenvolvemento deste Fondo, dese do procedemento, ás contías, patoloxías, ou persoas beneficiarias.

O Regulamento foi aprobado finalmente o 17 de xuño do 2025, con máis de 2 anos dunha demora inxustificada e ofensiva.

Este Regulamento, moi criticado por sindicatos e asociacións de vítimas, establece no artigo 6 a obriga para as comunidades autónomas de constituír uns Equipos de valoración que van ter unha importancia capital en todo o procedemento, e sen os cales as vítimas non poderán nin tan sequera iniciar o procedemento de solicitude da correspondente indemnización.

Asinado o día 22/01/2026 ás
18:41
Por Ramón Fernández Alfonzo

Hoxe 18 de setembro entra en vigor o Real Decreto 483/2025, de 17 de xuño, polo que se establecen os requisitos e se regula o procedemento para recoñecer o dereito á compensación económica para as vítimas do amianto, e non temos constancia de que a Xunta de Galiza tomara as medias oportunas para que as persoas vítimas do amianto no noso país podan iniciar os trámites da solicitude. Unha neglixencia sen desculpa sendo Galiza un dos territorios máis golpeados polo amianto.

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47580
Data envio: 22/01/2026 18:41:41.243

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Que opinión lle merece á Xunta de Galiza o Real decreto 483/2025 de 17 de xuño, polo que se establecen os requisitos e se regula o procedemento para recoñecer o dereito á compensación económica para as vítimas do amianto?

2. En que prazo comezarán a funcionar na Galiza os Equipos de valoración de vítimas do amianto nos termos previstos no Real decreto 483/2025 de 17 de xuño, polo que se establecen os requisitos e se regula o procedemento para recoñecer o dereito á compensación económica para as vítimas do amianto?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNlkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47580
Data envio: 22/01/2026 18:41:41.243

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/01/2026 18:41:05
José Manuel Golpe Acuña na data 22/01/2026 18:41:15
María Montserrat Prado Cores na data 22/01/2026 18:41:26

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47580
Data envio: 22/01/2026 18:41:41.243

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 18:41:42

CSV: BOPGDSPG-b0ESzNIkx-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47582
Data envio: 22/01/2026 18:54:10.793

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 22/01/2
18:52
Por Paula Mouzo Mas

Á Mesa do Parlamento

